

A escrita no carro dos valores e o orgullo

PRIMEIRA XORNADA

Polo miúdo

A proposta que lles fixen para este primeiro día foi ler os “Dereitos do Neno e da Nena”. Coa colaboración do colexio, aporteilles a cada un dos dezasete cativos de quinto e sexto de Primaria unha fotocopia dos mesmos, con especial subliñado dos tres primeiros artigos, por seren estes os que centraron a temática escollida para esta primeira actividade.

Despois de explicarlles o sentido das normas pasei a ler o conto *A caixa máxica* de Teresa Sabaté e Carme Solà, con ilustracións da propia Carme Solá. Está publicado por Baía Edicións.

A historia permitíume explicarlles os valores que se inculcaban no libro en relación cos Dereitos do Neno e da Nena, especialmente vencellado ao segundo artigo: *“O neno ou a nena debe estar en situación de desenvolverse dunha maneira sá e normal, no plano físico, intelectual, moral, espiritual e social, en condicións de liberdade e dignidade”*. Falamos de escribir con mensaxe.

Decontado, formuleilles aos pequenos unha serie de preguntas relacionadas co conto, cuestións que resolveron moi ben e con moita axilidade despois de ter prestado toda a atención que lles pedira.

Analizado o tema, lido o conto escollido e explicados os asuntos que considereí máis salientables, indiqueilles o que terían que facer deseguido: ser eles os autores. É dicir, díxenlles, que fixeran un esforzo para imaxinar e transmitir as ideas, o sentimento e si querían que aproveitaran as anécdotas ou aquelas experiencias vividas, no colexio ou na casa.

Explíqueilles, tamén, que o conto debería ser breve, incisivo e contundente, que se trataba dun conto, tiñamos pouco tempo e había que ir ao gran. «Temos que darlle un principiar, desenvolver o nó e desembocalo nun desenlace», sinaleilles. Non ofreceron ningún reparo dado que xa os profesores tiñan traballado este aspecto con eles.

Por outro lado, logo de falar da necesidade de darlle forma e outorgarlle unha ambientación á trama, despois de preguntado insistentemente polo tema, tratamos o asunto do título, pois xa querían comezar tendo un que os encamiñara. Animeinos, en troques, a que escribiran e despois si, que buscaran un título que fixera xustiza coa historia do conto.

E neste devagar, fixen fincapé en que o momento de escribir esixía un esforzo e precisaba dun exercicio individual e reflexivo. Advertinos, sobre todo aos alumnos que axiña deron o conto por rematado, da importancia de repasar unha ou varias veces o texto antes de soltalo das mans. Algúns que ao principio afirmaron non ter nada que repasar, finalmente, de boa gana e logo da miña suxestión, acabaron aceptando e repasando o texto, constatando así nas súas propias carnes que efectivamente sempre hai algo que se pode mellorar.

Logo de que todos remataron, un por un foron lendo o seu conto, de pé e fronte ás miradas fixas dos seus compañeiros. A miña intención era clara, que perderan a vergoña

e aprenderan a falar en público. Para incentivalos e como premio, pedínlles o aplauso posterior a cada lectura e, asemade, que todos foran apuntando os contos que máis lles gustaban, cos motivos incluídos, para que cada día elixiran eles mesmos os tres mellores.

Debo dicir que o exercicio foi un todo un éxito e cando nos demos conta todos xa pasaran as dúas horas de traballo. Estaban tan animados que incluso decidiron perder dez minutos do seu recreo.

Segunda xornada:

A actividade de hoxe comezou coa lectura que fixeron os cativos dos seus propios contos, realizados o día anterior. Aclaramos dúbidas e deíllles algunhas suxestións ao tempo que aproveitamos para falar dos temas que se trataban, establecendo un breve pero animado intercambio de pareceres.

Se o conto escollido para onte fora *A caixa máxica*, de Teresa Sabaté e Carme Solá, permitíndonos debater e escribir sobre os temas recollidos nos Dereitos do Neno e a Nena, o conto de hoxe levounos directamente ao dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. O título foi *Un día de cada e vaca*, escrito por Fina Casalderrey con debuxos de María Seoane e publicado por Baía Edicións.

Dinámica diaria

Día tras días, todos os cativos foron participando na lectura en voz alta do conto seleccionado. Tras deles, optei por lelo eu a fin de que puideran coller exemplo e tamén para permitirlles unha segunda lectura co gallo de que fixaran de xeito máis claro a idea que se desenvolvía na trama.

Deseguido da lectura e comentario dos seus contos, amais do seleccionado por min, cada día os cativos deberon responder as preguntas que lles preparaba para subliñar os aspectos que me parecían de maior consideración. Esta actividade ocupou sempre a primeira hora de cada xornada.

En troques, a segunda hora dedicámola ao proceso de creación. Nesta, foron os cativos quen, enfrontados ao temible papel en branco, deberon crear en silencio o seu propio conto, empregando para elo as pautas ofrecidas con anterioridade, tanto referido aos recursos como á temática. Á marxe do que fomos vendo cos exemplos, salíenlles algúns aspectos relacionados cos recursos básicos e incidínlles na utilidade de repasar e corrixir o texto varias veces. Ademais, fixéen fincapé na necesidade da observación, tanto interior e exterior das cousas e recordeíllles que cumpría sentir o que se quería escribir e comunicarlle ao lector. Vin que isto presentaba algunhas dificultades e mesmo algúns alegaban que non se lles ocorría nada. Sen embargo, tratei de levalos ao mundo da imaxinación cun pequeno empuxón, dándolles temas para que se despois se lanzaran ao papel. Esta foi quizais a parte máis complicada para eles, pero que acabaría vencendo grazas ao seu enorme interese.

A terceira xornada:

Despois do procedemento habitual, o conto escollido para hoxe foi o titulado *A bruxa que comía as palabras bonitas*, escrito por Antonio Rodríguez Almodóvar con debuxos de Santy Guitiérrez, tamén editado por Baía Edicións. ¿E sobre que traballamos neste día? Principalmente sobre todo aquilo que ten que ver co respecto en xeral, entre os propios compañeiros e entre persoas e animais, así como o respecto polo medio ambiente. Todos parecían ter moi claro este tema e soubérono aplicar moi ben á hora de confeccionar o seu propio conto.

A cuarta xornada:

Seguindo o procedemento establecido para estas dez horas de obradoiro, o texto seleccionado para a cuarta xornada foi un relato titulado *O aprendiz de zoqueiro*, escrito por Carlos Vázquez e publicado en La Voz de Galicia. Do que se tratou foi de recoñecer e valorar o papel dos oficios tradicionais, así como tamén de permitírnos falar do patrimonio material e inmaterial. Quedei moi sorprendido co ben que desenvolveron a acción dos artesáns –nótase que moitos aínda o ven ou escoitan na casa– e tamén puiden comprobar de que xeito aplicaban o intercambio de papeis entre homes e mulleres, algo que xa tiñamos visto do día anterior.

Aínda por riba, a estes elementos engadímoslle outro totalmente distinto e que non quería deixar pasar. Trátase do derivado dos problemas sociais e a súa repercusión. Os cativos, libremente, decidiron centralo polo mundo da delincuencia, o problemas das drogas e outros, anque no relato orixinal non se trababa máis que dun fuxido republicano que vai dar cun zoqueiro no seu camiño de fuxida cara Portugal, perseguido polas súas ideas. Deixei que fose así logo de comprobar que o tema era algo profundo de máis para estas idades, pero tal cousa permitíume ao mesmo tempo tratar outro asunto: o da liberdade de expresión e a valentía que todo escritor debe ter á hora de escribir, claro que, advertinos, dentro duns límites razoables.

A derradeira desta:

O último día do obradoiro dedicámolo a ler os contos que escribiron os dezasete cativos o día anterior, como sempre de xeito individual. Eles mesmos votaran os que máis lles gustaron. Tampouco nesta xornada faltou o preceptivo debate, que sempre nos permitiu escoitar e falar para os demais así como establecer un intercambio de pareceres, algúns moi imaxinativos.

O seguinte que fixemos foi ler algúns dos seus contos e poemas, así como os que con todo o cariño escribiron para min, converténdome en protagonista das súas historias, o cal me encheu de profundo orgullo e satisfacción.

Rematei a miña intervención dicíndolles: «Medrade pero non cambiedes nin deixedes nunca de empregar o galego. Sentídevos orgullosos da vosa lingua, porque é un patrimonio que hai que coidar, igual ca se for unha igrexa ou ponte románica». Díxenllelo consciente de que estes cativos son xa os verdadeiros gardiáns das letras e das expresións galegas.

Carlos Vázquez